



SECTOR LÁCTEO

INFORME SECTORIAL 6

# Transformación industrial do leite en 2020



*Fundación Juana de Vega*  
**2022**



**Fundación**  
**Juana de Vega**



# Informe transformación industrial do leite en 2020

**Preséntanse neste informe os datos sobre a industrialización do leite durante o ano 2020, tanto a nivel español como a nivel galego, amosando ao mesmo tempo os diferentes tipos de produtos elaborados e unha estimación do leite empregado en cada un.**

No que se refire á transformación industrial que se fai do leite de vaca producido en España, na Táboa 1 reflíctense os produtos lácteos elaborados, obtidos da Enquisa Láctea Anual (ELA) do ano 2020 elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), e o seus equivalentes leite, seguindo a



metodoloxía elaborada polo Centro Tecnolóxico Agroalimentario (CETAL) para o citado Ministerio (MAPA, 2019). Para a elaboración desta aproximación á realidade industrial estatal, exclúense dentro dos queixos, os elaborados con leite de cabra e ovella, que contan cun apartado específico dentro da enquisa. Non se pode facer o mesmo para os restantes produtos, aínda que o seu impacto nesta análise é pouco relevante por tratarse de cantidades moi baixas.

Leite de vaca industrializado en España no 2020				
Produto	Cantidade (x1.000 t)	Coefficiente EL	Leite Eq. (x1.000 t)	Leite Eq. (%)
Leite líquido	3.504,5	0,69	2.418,1	34,0%
Nata	171,4	4,47	766,2	10,8%
Manteiga	46,6	12,03	560,6	7,9%
Queixo*	246,6	5,28	1.302,0	18,3%
Queixo mestura	144,8	5,30	767,4	10,8%
Leite concentrado	60,3	1,93	116,4	1,6%
logures	903,3	0,80	722,6	10,2%
Leite en po Enteiro	11,5	7,33	84,3	1,2%
Leite en po Desnatado	21,9	4,98	109,1	1,5%
Lactosuero	2.154,6		0,0	0,0%
Resto**	372,9	0,69	257,3	3,6%
<b>TOTAL</b>	<b>7.638,4</b>		<b>7.104,0</b>	<b>100,0%</b>

*Queixo	Vaca puro (193,6) + fundido (53,0)
**Resto	Bebidas en base a leite

**Táboa 1.** Transformación industrial do leite en España por tipo de produto, cantidade e leite equivalente.

Fonte: Elaboración propia a partir da ELA (2020).

A transformación industrial do leite que se produce en Galicia preséntase na Táboa 2, seguindo a metodoloxía citada anteriormente do CETAL, empregando neste caso os datos da enquisa industrial de produtos (EIP) elaborada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) no ano 2020, por non dispoñer de datos desagregados por comunidades autónomas na ELA 2020. Isto pode dar lugar a certas discrepancias ou inconsistencias, como a que se pode observar na cantidade de leite concentrado, cunha maior produción en Galicia estimada pola EIP que o total estatal estimada pola ELA. Da mesma forma, os datos son provisionais, polo que poden sufrir pequenas variacións. Dentro da enquisa do



IGE atópanse baixo segredo estatístico os valores de leite en po enteiro, lactosa e caseína, pero aos efectos deste informe, tendo en conta que se coñece o total de produtos transformados, asígnase a diferenza ao leite en po enteiro.

Leite de vaca industrializado en Galicia no 2020				
Produto	Cantidade (x1.000 t)	Coefficiente EL	Leite Eq. (x1.000 t)	Leite Eq. (%)
Leite líquido	1.279,9	0,68	870,3	52,9%
Nata	58,7	4,40	258,3	15,7%
Manteiga	4,6	11,86	54,2	3,3%
Queixo*	39,3	5,86	230,5	14,0%
Leite concentrado	70,8	1,90	134,6	8,2%
logures	37,0	0,79	29,2	1,8%
Leite en po Enteiro**	3,0	4,91	14,6	0,9%
Leite en po Desnatado	7,3	7,23	53,1	3,2%
Lactosuero	70,2	0,00	0,0	0,0%
Resto	-	0,68		0,0%
<b>TOTAL</b>	<b>1.570,9</b>		<b>1.644,9</b>	<b>100,0%</b>

<b>Producción en Galicia en 2020</b>	2.895,3
<b>% Transformación en Galicia</b>	56,81%

<b>*Queixo</b>	Coefficiente axustado ao queixo producido en Galicia segundo o CETAL
<b>**Leite en po enteiro</b>	Dato con segredo estatístico, polo que se obtén de restar os datos coñecidos ao total de todos os produtos

**Táboa 2.** Transformación industrial do leite en Galicia por tipo de produto, cantidade e leite equivalente.


Fonte: Elaboración propia partindo da información da EIP do IGE 2020.

Á vista dos cálculos anteriores, dos 2,90 millóns de t de leite recollidas en Galicia no 2020, transformáronse por parte das industrias instaladas na Comunidade 1,64 millóns de t de equivalentes leite, o que representa o 56,8% do leite producido, en boa medida debido a que os novos intermediarios industriais aínda non se atopaban no ano 2020 operando en toda a súa capacidade.



A evolución no período 2016-2019, no que a industrialización en territorio galego tivo un gran impulso, pasando do 48,3% ao 58,4% (Figura 1), semella que se estancou, pero hai que ter en consideración que o 2020, debido á pandemia, puido ser un ano anómalo na industria láctea galega, polo que hai que ver evoluciona no 2021 a industrialización, para confirmar o seu estancamento. A priori, isto non debería ser así, xa que nos últimos anos puxéronse en marcha novas industrias, así como ampliacións doutras instalacións de empresas xa presentes en Galicia. A maiores, os datos definitivos do IGE poden variar lixeiramente, como no 2019, pasando do 57,2% provisional ao 58,4% definitivo.

### Evolución da produción e transformación do leite




**Figura 1.** Evolución da produción (t), transformación (t leite equivalente) e % transformación do leite en Galicia (2016-2020).

Fonte: Elaboración propia partindo da información da EIP do IGE 2016-2020.

Na Figura 2 pode apreciarse, de forma máis clara que nas táboas anteriores, o tipo de produtos lácteos nos que se transforma o leite, tanto en Galicia como en España. O principal produto obtido é leite líquido, tanto a nivel estatal como autonómico, pero presentando grandes diferenzas a nivel porcentual. En termos de leite equivalente, en Galicia case o 53% do leite transformado industrialmente vai destinado a leite líquido, mentres que en España esa porcentaxe baixa ao 34%, tendo este produto, polo xeral, un baixo valor engadido. O seguinte



produto en importancia é o queixo, que representa o 29,1% do leite equivalente de España, xa excluindo o queixo producido con leite de outras especies, polo que na industria láctea española (incluíndo leite de cabra e ovella) aumentaría este valor, pola contra, en Galicia supón unicamente o 14,0%. A nata, terceiro produto en importancia en volume de leite equivalente en España co 10,8%, alcanza o 15,7% a nivel galego, polo que se emprega máis leite para a produción de nata que para a produción de queixo. A continuación sitúanse os iogures, que superan o 10% en España, pero que teñen un peso relativo moi baixo en Galicia, onde non alcanzan nin o 2%. Tamén a % de leite empregado para elaborar manteiga en España (7,9%) duplica á de Galicia (3,3%), mentres que o leite concentrado é importante en Galicia (8,2%) debido á presenza da principal industria a nivel español que elabora este produto, mentres que a nivel nacional ten un peso residual (1,6%).




**Figura 2.** Peso relativo (%) de cada produto (leite equivalente) en España e Galicia.

Fonte: Elaboración propia a partir da ELA do MAPA 2020 e da EIP do IGE 2020.



Por último, na Figura 3, preséntase a evolución entre os anos 2016 e 2020 dos distintos produtos transformados en Galicia. Os principais cambios obsérvanse no leite líquido, que tras alcanzar no ano 2017 o 59,5% do leite equivalente leva 3 anos de baixada, quedando no 2020 no 52,9%. O contrario ocorre coa nata, que de non chegar ao 7% no 2017 supera o 15% no 2020. O terceiro produto cun maior peso é o queixo, cun 14,0% no ano 2020, sen cambios respecto ao 2019, e que puido verse afectado pola pandemia, xa que se esperaba que aumentase o seu peso porcentual debido á chegada de novos operadores e ás fortes inversións que están realizando outras industrias que xa tiñan presenza en Galicia. Nos restantes produtos non hai cambios relevantes, podendo destacar que se rexistra un lixeiro aumento da manteiga despois da caída observada no 2019, pero sen recuperar niveis previos. A baixada do peso do leite líquido semella que vai a continuar, aínda que se manteña en volume, xa que, debido ás inversións xa realizadas e ás que se están realizando, a transformación noutro tipo de produtos lácteos semella que vai a ir en aumento.



**Figura 3.** Leite equivalente empregado (%) na transformación dos distintos produtos lácteos en Galicia no período 2016-2020.

Fonte: Elaboración propia partindo da información da EIP do IGE.

**SERVIZO DE ESTUDOS E INFORMES SECTORIAIS DA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA**

ISSN: 2792-3789

Autor: Adrián Botana Fernández





Fundación  
Juana de Vega